

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de abril de 2025**

Ás 18.49 horas do día 21 de abril de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, que escusa a súa ausencia.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 19 DE MARZO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de marzo de 2025.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 19 de marzo de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, pregunta sobre a entrega do Premio Rodolfo Prada correspondente ao ano 2024, e a razón da demora na súa entrega, e solicita información sobre os premiados en edición anteriores.

D. César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular, aclara que o premio se fallou no prazo previsto nas bases se ben se demorou o acto formal da entrega.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, formula o rogo de que se permita a remisión de xustificantes de pago de matrícula na escola de artes e oficios de xeito electrónico e non só presencial.

A **Presidencia** toma nota do rogo formulado.

Don Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta se o Concello de Viana do Bolo, que ten prevista una nominativa neste exercicio de 150.000 € para a reforma do campo de fútbol, e sendo o importe total da obra en torno aos 500.000 €, vai a ter mais financiamento provincial.

O **Presidente** contesta que se lle dará o mesmo trato que ao resto de concellos que proxectaron este tipo de obras.

E, ás 18.55 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

